



ACTIVIDADES RECOMENDADAS PARA ESTES 14 DÍAS SEN CLASES

Xustificación: Dende a administración educativa propuxeron un conxunto de medidas para os vindeiros 14 días lectivos. Entre elas suxírense as seguintes:

*“O profesorado programará nas páxinas webs dos centros ou por outros medios telemáticos, accesibles ao seu alumnado, **actividades xenéricas** relacionadas cos contidos curriculares para que o seu alumnado as poida realizar no seu domicilio, e fará o seu seguimento, pero non terán o carácter de avaliáveis”*

No marco desta medida e atendendo ao carácter de xenérico das actividades que debo propoñer, considero necesario cumprir coa esixencia da seguinte maneira:

- **Lectura:** Procurarase que todos os días adiquen un tempo á lectura (mínimo 30 min), poden ser libros, prensa, revistas... A lectura deberase facer coa fluidez e entoación axeitada. Ao rematar elaborarán a ficha informativa según o estándar habitual que faciamos na aula.
- **Investigación:** Continuarán realizando traballos de investigación, sobre diferentes temas, tanto en galego como en castelán. A información que precisen para a realización dos traballos deben buscala en diferentes medios (libros, revistas, internet...). É moi importante que entendan do que están falando para logo saber transmitilo aos compañeiros e compañeiras. Por suposto deben coidar a presentación, a expresión escrita e oral.
- **Xogos didácticos matemáticos** que teñades pola casa: puzzles, construcións, con figuras xeométricas, regletas, legos.... Tamén xogos de mesa: baralla española, oca, parchís, xogos con moedas (comprar e vender), dominó...
- **Actividades plásticas** relacionadas co debuxo libre con diferentes soportes e materiais (cartón, pegamentos, pinturas, rotuladores...), creación en 3D (plastilina, barro, cartón...). Tamén creación en plano cos materiais que así o permitan (cartulinas, folios...)
- **Expresión escrita:** Continuamos escribindo no noso diario aquilo que desexemos expresar, cando teñamos a necesidade de contar, de describir ou de anotar algo, da mesma forma que viñamos facendo.

A parte disto, **de maneira frecuente subirei actividades á plataforma E-dixgal** e, na medida en que se vaian facendo, pódenme consultar dúbidas, enviaránseme para a súa corrección.

Esperemos que esta crise sanitaria remate pronto e os nenos e nenas poidan voltar ao centro o antes posible. Será boa sinal para todos.

Mentres tanto, eu estarei ao voso servizo estes días a través da plataforma E-dixgal. Non dubidades en solicitarme axuda se así o precisades.

Sen máis e agradecendo o voso papel nestes difíciles momentos, recibide un cordial saúdo.

M^a Inmaculada Mosquera Rodríguez,

Titira de quinto